



Poño no seu coñecemento que o alcalde-presidente o 19.07.2021 ditou a Resolución da alcaldía que copiada di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 22.07.2021

FEITOS

O 15.06.2019 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene para a lexislatura 2019 – 2023. Posteriormente, o 08.07.2019, o 11.07.2019 e o 19.02.2020 realizáronse as sesións plenarias organizativas desta lexislatura.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Logo de ver o establecido no artigo 46, 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime local (BOE núm. 80, do 03.04.1985), no artigo 78.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (BOE núm. 96 do 22.04.1986 e núm. 97 do 23.04.1986)

Logo de ver o que antecede, RESOLVO:

Que se convoque ao **Concello Pleno** á sesión extraordinaria que se realizará nesta Casa Consistorial o **22.07.2021 ás 08.30 h** en primeira convocatoria, coa seguinte orde do día:

1. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da declaración institucional do Pleno en contra do proxecto do parque eólico Caaveiro
2. Aprobación, se procede, da Proposta da alcaldía de aprobación do expediente de contratación do contrato de servizos “Axuda no fogar” ano 2021, expediente 2021/C004/000004
3. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito núm. 8/2021, subexpediente núm. 3/2021 de suplemento de crédito.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Asinado dixitalmente pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas.

C.I.
E:
P-
150
368
0-G-